Máster Universitario en Menores en Situación de Desprotección	2015/2016					
	2014/2015	7	0	7	32	21,88%
	2013/2014					











- Profesores por categoría:

Grao en Dereito		Grao en RRLLe RRHH		Mestr. En Avogacía		Mestr. En Menores en situación de desprotección		Mestr. En Der. De Empresa		Mestr. En Xestión e Dirección laboral	
Categoría	Nº profesorado	Categoría	Nº profesorado	Categoría	Nº profesorado	Categoría	Nº profesorado	Categoría	Nº profesorado	Categoría	Nº profesorado
Non aplicable	1	Non aplicable	3	Non aplicable	40	Non aplicable	2	Non aplicable	26	Non aplicable	16
Prof. Titular de escola univ.	6	Prof. Titular de escola univ.	7	Prof. Titular de escola univ.	2	Prof. Titular de escola univ.	1	Prof. Titular de escola univ.	1		
Catedrát. De Univers.	7	Catedrát. De Univers.	4	Catedrát. De Univers.	4	Catedrát. De Univers.	3	Catedrát. De Univers.	4	Catedrát. De Univers.	2
Prof. Asociado	21	Prof. Asociado	17	Prof. Asociado	1	Prof. Asociado	2				
Prof. Titular de Univ.	12	Prof. Titular de Univ.	6	Prof. Titular de Univ.	7	Prof. Titular de Univ.	6	Prof. Titular de Univ.	6	Prof. Titular de Univ.	5
Prof. Contrat. doutor	14	Prof. Contrat. doutor	8	Prof. Contrat. doutor	9	Prof. Contrat. doutor	10	Prof. Contrat. doutor	6	Prof. Contrat. doutor	8
Prof. Axudante doutor	4	Prof. Axudante doutor	1			Prof. Axudante doutor	3	Prof. Axudante doutor	1	Prof. Axudante doutor	1
Prof. Contrat. Interino	1							Prof. Contrat. Interino	1		
Prof. Visitante	2	Prof. Visitante	2							Prof. Visitante	1
		Contrat. Prodoutor al UVIGO	1								

*Resultado da avaliación docente:



Gráficas comparativas da satisfacción xeral do PDI, alumnado e empregadores:



II.1.5. Datos relativos a QSP recibidas

Detállanse as Queixas, suxestións e felicitacións do curso 2015/2016:

Queixas		Resultado Curso 2015/16
Relativas a:	Docencia	-Preséntase unha queixa dun docente en situación de interinidade en protesta por dita situación, sostendo que está a padecer un perxuízo económico por falta de sexenios, así como un perxuízo motivacional pola paralización da súa traxectoria académico-investigadora.
Relativas a:	Infraestrutura	-
Relativas a:	Servicios	-
Suxestións		Resultado Curso 2015/16
Relativas á	Docencia	-Solicítase por parte do anterior docente que se respeten os criterios de méritos para a asignación de prazas por riba doutras solucións. -Suxírese por parte dun docente unha asignación anual específica para os centros para formación en idiomas do PDI, así como a preparación do exame de Cambridge International Legal English.
Relativas á	Infraestruturas	--Suxírese por parte dun alumno a sinalización e vixilancia das prazas de estacionamento para minusválidos.
Relativas á	Servicios	-
Felicitacións		Resultado Curso 2015/16
Relativas a:	Docencia	-
Relativas a:	Infraestruturas	-
Relativas a:	Servicios	-

Rexistro Entrada	CLASF.	Descrición	ADM. TRÁMITE	ALUMNO/ PROFESOR/ PAS	TIPO DE RECLAMACION	SERVICIOS IMPLICADOS
01/09/2015	Reclamación	Dna Paula Jansén Moralejo Solicita o Título Provisional de mestrado no mes de agosto, por necesidade de traballo, asiste en tres ocasións do mes de agosto a Facultade sen poder solucionar o problema.	Si	Alumna	Expedición do Título Provisional de Mestrado	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

II.1.6. Estado da situación dos rexistros de calidade do sistemahttps://seix.uvigo.es/sgic/manage_template.php

Procedemento	Código	Registro/Evidencia	Estado Situación			
Planificación y desarrollo estratégico	R1-DE01P1	Plan estratégico del centro	X			
Seguimiento y medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores			X	
Revisión del sistema por la dirección	R1-DE03P1	Informe de revisión del sistema por la dirección	X			
Diseño, autorización y verificación de las titulaciones oficiales*	R1-DO0101P1	Acta de la Comisión de Calidad sobre la modificación de una titulación	X			
	R2-DO0101P1	Acta da Comisión de Calidad sobre la acreditación de una titulación	X			
Seguimiento y mejora de las titulaciones	R1-DO0102P1	Informes anuales de seguimiento	X			
	R2-DO0102P2	Informes finales de evaluación de titulación (ACSUG)	X			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (U.Vigo)	X			
Suspensión y extinción de una titulación*	R1-DO0103P1	Resolución de extinción de un título	X			
	R2-DO0103P1	Orden de suspensión y revogación de una titulación publicada en DOG	X			
Planificación y desarrollo de la enseñanza	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedimuento para el control y seguimiento de la docencia (ACTA)	X			
Promoción de las titulaciones	R1-DO0202P1	Plan de promoción del centro.	X			
Orientación al estudiantado	R1-DO0203P1	Plan de acción tutorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de evaluación del PAT	X			
Gestión de las prácticas académicas externas	R1-DO0204 P1	Criterios de asignación de las prácticas curriculares	X			
Gestión de la movilidad	R1-DO0205 P1	Lista de estudiantado propio seleccionado				
	R1-DO0205 P1	Lista de estudiantado de movilidad ajena			X	
Información pública y rendición de cuentas	R1-DO0301P1	Plan operativo de gestión pública	X		X	
Gestión de las quejas,	R1-MC02	Comunicación de la QSP				
	R2-MC02	Informe y propuesta de respuesta			X	


sugerencias y felicitaciones	R3-MC02	validados Informe QSP Periódico			x	
Satisfacción de las usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU			x	
	R2-MC05	PAESU			X	
	R3-MC05	Ficha técnica del diseño de la actividad de evaluación			X	
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación			X	
	R5-MC05	Informe de seguimiento do PAESU			X	
Definición de la Política de PDI e PAS*	IT01-PE02	Documento de sugerencias a la política de personal (PDI)			X	
	IT02-PE02	Documento de sugerencias a la política de personal (PAS)			X	
Captación, selección y formación de PDI y PAS*	IT01-PA05	Propuesta política y criterios de selección y captación del PDI.			x	
	IT02-PA05	Acta de aprobación de la política y criterios de selección y captación del PDI.			X	
	IT05-PA05	Acta de sugerencias a la propuesta de formación del PDI.			X	
	IT06-PA05	Acta de sugerencias a la propuesta de contratación del PAS.			X	
	IT08-PA05	Acta de sugerencias a la propuesta de formación del PAS.			X	
Evaluación, Promoción, Reconocimiento e Incentivos de PDI e PAS*	IT08-PA06	Informe de resultados de evaluación del PDI			X	
	IT16-PA06	Informe de resultados de evaluación del PAS			X	
Gestión de recursos materiales*	IT01-PA07	Criterios de selección de recursos materiales y proveedores			x	
	IT02-PA07	Ficha de solicitud del recurso material	x			
Gestión de servicios*	IT01-PA08	Plan de actuación de los servicios permanentes del centro			X	
	IT012PA08	Informe de resultados de los servicios contratados			X	

Desarrollada completamente y registrada en la aplicación	
Realizada parcialmente (no disponible para todas las titulaciones del centro, no registrada...)	
No comenzada para ninguna titulación	
No procede	

II. 1. 7. Outros datos

No que atinxe a **relacións internacionais**, compre salientar os seguintes datos dos programas de mobilidade nos que participa o Centro, así como certas propostas de mellora da páxina web do centro.

Programa Erasmus+



Facultade de CC Xurídicas e do Traballo	
Internacional entrantes (estos datos non están dispoñibles por titulación)	
2015/2016	20
2014/2015	13
2013/2014	12
2012/2013	8
2011/2012	6

Durante o curso académico 2015/2016, 10 alumnos e alumnas do grao en Dereito participaron no programa de mobilidade Erasmus+. Do total do alumnado que participou no programa, 6 realizaron o intercambio durante o curso completo, e 4 durante un cuadrimestre.

Polo que respecta ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, participaron 6 alumnos e alumnas no programa de mobilidade Erasmus+. Do total do alumnado que participou no programa, 3 realizaron o intercambio durante o curso completo, e outros 3 durante un cuadrimestre.

No que se refire ao número de estudantes estranxeiros recibidos na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, durante o curso académico 2015/2016 recibimos a 20 alumnos e alumnas.

O número de convenios de intercambio no marco de programa Erasmus+ vixentes durante o curso académico 2015/2016, e aos que puido acceder o alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo foi de 44 con un total de 97 plazas.

A oferta de destinos para o curso 2015/2016 incrementouse con respecto ao ano anterior, coa sinatura de 7 novos convenios Erasmus+. Asináronse novos convenios con Université de Bretagne-Sud (Francia), Université de Nantes (Francia), Università degli Studi di Padova (Italia), Università degli Studi di Urbino Carlo Bo (Italia), Università degli Studi Roma Tre (Italia), IS CET – Instituto Superior de Ciencias Empresariais e do Turismo (Portugal) e Southampton Solent University (Reino Unido).

Detectáronse, durante o curso académico 2015/2016 dificultades polo que respecta á elaboración dos contratos de estudo do alumnado Erasmus+ que recibimos no centro, debido á reducida oferta de materias impartidas en inglés na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Esta cuestión inflúe tamén, de maneira negativa, á hora de prorrogar a vixencia dos acordos Erasmus+ coas Universidades de destino, xa que consideran que a oferta de materias en inglés á que poden optar os seus alumnos é insuficiente.

Para solucionar isto no curso 2015/2016 comeza a impartirse en inglés a asignaturas de Dereito Financeiro e Tributario no Grao de Dereito. Non obstante, sería necesario aumentar o número de créditos que se puidesen cursar en inglés, xa sexa mediante asignaturas completas ou seminarios dirixidos especialmente a alumnado de programas de mobilidade como se está a facer en varias universidades estranxeiras. Esta iniciativa non só implicaría un aumento do número de convenios asinados no marco do programa Erasmus+, senón que facilitaría a negociación da prórroga dos acordos xa existentes.

Convenios bilaterais con outras Universidades

Non houbo ningún convenio bilateral con outra universidade. O total de alumnos que participaron nos programas de mobilidade internacional foron mediante o programa Erasmus+.

Propostas xerais en relación cos programas de mobilidade

Considérase oportuno fomentar os programas de intercambio para 2º e 3º curso, xa que en 4º curso hai trabas importantes que dificultan a mobilidade debido a que o TFG é obrigatorio facelo na Universidade de Vigo.

Prácticas externas

Finalmente, **no que respecta ás prácticas externas** temos que resaltar a continuación dos convenios de colaboración con tódalas empresas e institucións do curso 14/15. Con todo, asináronse 3 novos convenios para o curso 2015/2016 coas seguintes asesorías/empresas: G5 Consultores, Francisco Araújo Asesoría e INBOBE.

Os alumnos do Grao en Dereito do curso 2015/2016 participantes de prácticas externas foron 53 que se corresponde co 12,53% do total de alumnos. No caso do Grao en relación Laborais e Recursos Humanos, o número de alumnos é de 50, e se corresponde co 12,47% do total de alumnos.

Por último, teríamos que destacar a estreita colaboración cos colexios profesionais.

Doutra banda, realizáronse varios cursos orientados as saídas profesionais: “Xornada informativa sobre a carreira diplomática e estudos de posgrado existentes na materia”, 14 de marzo de 2016, asistencia: 15 persoas; “Salidas profesionais”, 26 de abril, non hai datos de asistencia; “Xornadas sobre saídas profesionais”, 8 de abril de 2016 para o Grao en Dereito (asistencia: 12 persoas) e 15 de abril de 2016 para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (asistencia: 15 persoas).

II.2 Análise de resultados

II.2.1 Resultados asociados a política e obxectivos de calidade

Resultados dos procesos de certificación, acreditación e seguimento.

O centro posúe, desde o 03/06/2015, un Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade de acordo coas directrices do Programa FIDES-AUDIT (ACSUG) (Certificado nº 02/15 con validez ata o 03/06/2021).

No Informe de auditoría externa inicial apreciáronse como principais fortalezas:

- O alto compromiso do Centro coa xestión da calidade e a mellora continua das ensinanzas (bo funcionamento do centro, participación no proceso de certificación)
- O impulso da actividade da Comisión de calidade (incremento substancial do número de reunións)
- O axuste da documentación do SGC aos criterios e directrices do programa FIDES-AUDIT

Este Informe atópase dispoñible na dirección electrónica:
<http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>

No apartado III do presente documento indícase a ligazón ao Plan Anual de Melloras (PAM) 2015/2016, onde poden atoparse as medidas xa adoptadas para facer fronte ás deficiencias advertidas, así como as que se atopan pendentes de execución. Actualmente hai 19 deficiencias correxidas, 6 deficiencias correxidas parcialmente e 3 deficiencias pendentes.

O grao en Dereito recibiu o Informe final de revisión interna o 28/07/2015 co resultado de CONFORME.

O Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Vigo recibiu o Informe final de avaliación para a renovación da acreditación con data 22/07/2016 con resultado FAVORABLE. Como principais puntos fortes o mencionado Informe identifica:

- Demanda elevada (xustificación da existencia e sustentabilidade do título)
- Informes de seguimento satisfactorios e carácter exhaustivo do informe para a renovación da acreditación (elevado nivel de compromiso dos responsables do título e da súa comisión de calidade)
- Reforzo da formación para a elaboración de TFG
- Ampla variedade de convenios de colaboración
- Instalacións adecuadas

- Realización de enquisas de satisfacción

O mencionado Informe final de avaliación de renovación da acreditación atópase dispoñible na seguinte dirección electrónica: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/12/IF-G-RRLL-RRHH.pdf>

O título do Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo recibiu o informe final de seguimento por parte da ACSUG con data 3/06/2015 co resultado de CONFORME.

O título do Máster en Avogacía da Universidade de Vigo recibiu o Informe final de avaliación de renovación da acreditación con data 22/07/2016 e resultado FAVORABLE. No mesmo identificáronse como principais puntos fortes:

- Mantemento á alza da demanda
- Informes de seguimento satisfactorios e elevado grao de exhaustividade no informe de autoevaluación para a renovación da acreditación (elevado nivel de compromiso)
- Elevadas taxas de gradación e superación polos egresados do exame de acceso para o exercicio da avogacía
- Ampla gama de convenios de colaboración para prácticas
- Boas relacións institucionais
- Instalacións adecuadas
- Profesorado implicado e con experiencia
- Enfoque práctico

O mencionado Informe final de avaliación de renovación da acreditación do Máster en Avogacía atópase dispoñible na seguinte dirección electrónica: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2014/12/IF-M-Abogac%C3%ADa.pdf>

O Máster en Dereito de Empresa, recibiu o Informe final de revisión interna o 30/07/2015 co resultado de CONFORME. Dito informe é favorable pero contén tres non conformidades menores, dúas maiores e doce oportunidades para a mellora. Ao respecto, xuntamos as melloras que o Centro implementou para paliar ditas deficiencias.

Valoración dos procesos de certificación, acreditación e seguimento.

Os resultados do proceso de Certificación do SGIC plásmanse no informe de auditoría externa inicial para a implantación do Sistema de Garantía de Calidade. Tal informe pódese consultar na páxina web do Centro: <http://cienciasxuridicasedotraballo.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2015/06/Informe-favorable-Certificación-SGIC-del-3-de-junio-de-20151.pdf>

Adoptáronse actuacións correctoras en canto á política e os obxectivos de calidade do Centro, a garantía e mellora da calidade do seu persoal académico, a xestión e mellora dos recursos e servizos e a análise de resultados.

Poden apreciarse avances significativos en materia de difusión de información relativa ao Centro e ás titulacións impartidas no mesmo; difusión dos resultados da investigación; política e obxectivos de calidade; recompilación e análise de información sobre satisfacción na aprendizaxe. Lográronse certas melloras en canto a dotación de espazos e xestión de recursos, así como respecto da recompilación e difusión de información sobre o persoal docente. Con todo, seguen advertíndose dificultades en canto á realización de melloras en materia de dotación de persoal administrativo, adecuado recoñecemento de actividades académicas e dotación e estabilidade do profesorado. Nestes ámbitos emprendéronse tamén actuacións, fundamentalmente traslado a Reitoría da solicitude correspondente.

Valoración do rexistro de resultados do panel de indicadores do SGIC

No caso do Grao de Dereito, o grao de satisfacción do estudante (2.84) descendeu con respecto ao curso anterior (2.99) non cumpríndose a meta de calidade proposta (3). Con respecto a ocupación e a preferencia do grao cúmplense coas metas establecidas, mentres que na adecuación non se consegue superar a meta de calidade proposta. En canto as taxas de rendemento (70%), graduación (45,65%) e éxito (83%) supéranse as metas propostas mentres que no caso das taxas de abandono (20,43%) prodúcese un descenso respecto ao curso anterior pero non o suficiente como para acadar a meta proposta. A taxa de eficiencia (84%) tampouco consegue cumprir a meta.

No caso do Grao en RRLL e RRHH, o grao de satisfacción evoluciona favorablemente con respecto ao curso anterior (de 2,74 a 3,04), chegando a cumprir a meta establecida de 3/5. Con respecto a ocupación e a preferencia do grao cúmplense coas metas establecidas, mentres que na adecuación non se consegue superar a meta de calidade proposta. En canto as taxas de rendemento (66%) e éxito (80%) supéranse ou igúalanse as metas propostas mentres que no caso da taxas de abandono (25,86%) e a taxa de graduación (34,74%) non se conseguen as metas establecidas. A taxa de eficiencia (84%) tampouco consegue cumprir a meta.

No caso do mestrado en Dereito de Empresa, o grao de satisfacción evoluciona favorablemente con respecto ao curso anterior (de 2,85 a 3,04), chegando a cumprir a meta establecida de 3/5. As taxas de rendemento (97%), abandono (0%), graduación (93.55%) eficiencia (99%) e éxito (100%) cumpren coas metas de calidade propostas e teñen variación con respecto ao curso anterior.

No caso do mestrado en Avogacía, o grao de satisfacción redúcese lixeiramente con respecto ao curso anterior (de 3,14 a 3,04), pero segue a cumprir a meta establecida de 3/5. As taxas de rendemento (97%), abandono (6,38%), graduación (91.67%) eficiencia (100%) e éxito (100%) cumpren coas metas de calidade propostas e teñen variación con respecto ao curso anterior.

No caso do mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social, o grao de satisfacción redúcese drásticamente con respecto ao curso anterior (de 3,74 a 2,70), polo que xa non cumpre a meta establecida de 3/5. As taxas de rendemento (93%), abandono (4,55%), graduación (87,50%) eficiencia (96%) e éxito (100%) cumpren coas metas de calidade propostas e teñen variación con respecto ao curso anterior.

No caso do mestrado en Xestión e Dirección Laboral, o grao de satisfacción redúcese drásticamente con respecto ao curso anterior (de 3,28 a 2,37), polo que xa non cumpre a meta establecida de 3/5. As taxas de abandono (14,529%), graduación (75%) eficiencia (98%) e éxito (99%) cumpren coas metas de calidade propostas e teñen variación con respecto ao curso anterior. No caso da taxa de rendemento (86%) esta non cumpre a meta proposta.

Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Con relación co alumnado todas as titulacións superaron, con notas que oscilan do 2.70 hasta o 3.04 sobre 5, salvo o mestrado de xestión e dirección laboral 2.37/5.

Somos conscientes do punto débil sobre a baixa participación do alumnado.

Respecto os items máis valorados, destacamos FAITIC, calendario de probas de avaliación, os espazos destinados ao traballo o autónomo e a dispoñibilidade aos fondos bibliográficos, con notas que oscilan do 3.45 a 4 sobre 5

Con relación ao PAS do centro, na enquisa de satisfacción, aprobaron todos os títulos, excepto o Grao en Dereito e o Grao en RRLL e RRHH (acercándose ao aprobado cun 2.47/5). Tamén dicir, que os aprobados, son moi xustos e houbo unha baixa participación.

Con carácter xeral, respecto ao curso 2014/2015 houbo un pequeno descenso na valoración global, ao que reflicte un pequeno descenso no curso 2015/2016.

Valoración doutros indicadores propios do centro/título (validados pola UEP)

Con relación as prácticas curriculares e extracurriculares obsérvase un pequeno descenso na porcentaxe do estudiantado en prácticas con respecto á matrícula. Así

como un pequeno aumento da estudantes matriculados con relación ao curso 2014/2015.

Na nota mínima de admisión houbo un pequeno aumento na nota de RRLL e RRHH e un pequeno descenso na nota do Grao en Dereito.

Na matrícula de novo ingreso no curso 2015/2016, en RRLL e RRHH houbo un descenso con respecto 2014/2015 de unha persoa e no Grao en Dereito un repunte de tres persoas co curso anterior.

Na matrícula de novo ingreso (preinscripción mestrados) no curso 2015/2016, houbo un mantemento nos mestrados da Facultade, excepto no mestrado de dereito de empresa que houbo un descenso de 6 persoas con respecto o curso 2014/2015.

Con respecto á formación do PAS, obsérvase unha valoración moi satisfactoria, xa que no 2015 hai unha taxa do 97.83%, case un 100%.

Na formación do PDI, segue unha línea constante, que debe seguir crescendo.

Nas gráficas comparativas da satisfacción xeral do PDI, alumnado e empregadores obsérvase un pequeno descenso con relación aos anos anteriores.

II.2.2 Resultados académicos (xerais asociados as materias)

En Dereito, obsérvase unha pequena baixada na taxa de rendemento así como na taxa de avaliación. A taxa de éxito aumentou con respecto o curso 14/15.

En RRLL e RRHH, a taxa de éxito baixou mentres que a taxa de avaliación aumentou. A taxa de rendemento non tivo variacións.

No Mestrado de Avogacía, obsérvase unhas taxa de éxito, avaliación e rendemento elevadas con poucas variacións con respecto ao curso anterior.

No Mestrado en Dereito de Empresa, obsérvanse tamén unhas taxas de éxito, avaliación e rendemento elevadas. Non obstante, neste mestrado sí que se aprecia unha mellora destas taxas con respecto ao curso anterior.

No Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social, a taxa de éxito é do 100% e as taxas de rendemento e avaliación son tamén elevadas. Poucas variacións con respecto ao curso anterior.

No Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral, a taxa de éxito é elevada, mentres que as taxas de avaliación e rendemento son algo menores. No total das taxas houbo poucas variacións con respecto ao curso anterior.

II.2.3 Resultados relacionados ós recursos humanos (PDI e PAS)

O número total de PAS da facultade é de 12 persoas.

En canto ao PDI, no Grao de Dereito cóntase cun total de 68 PDI, En RRLL e RRHH 49 PDI, no Mestrado de Avogacía 63 PDI, no Mestrado en Dereito de Empresa 45 PDI, no Mestrado Universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social 27 PDI e no Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral 33 PDI.

II.2.4. Resultados asociados ós recursos materiais e infraestruturas

- Cambio da iluminación nas aulas de maior tamaño (A1, A2, B3, B4, C3, C4, D1) para mellorar a iluminación con lámparas LED de 50.000 luxes.
- Cambio da sinalización interior da Facultade mediante colocación de novos carteis en metacrilato.
- Mellora do acceso peatonal dende o parking principal, especialmente mediante unha rampa e unha escaleira con barandilla e mellora do acceso dende a parada do bus.
- Revisión da cuberta dos bloques dos despachos e da cuberta xeral das aulas.
- Colocación de toldo exterior no Bloque A
- Instalación de novos proxectores nas aulas.
- Mellora da aula de informática mediante a instalación de ordenadores lixeiros que permiten maximizar o espazo.

II.2.4 Resultados de satisfacción

Como se pode comprobar dos datos proporcionados, as metas marcadas nos obxectivos de calidade 15/16 téñense cumprido de xeito notable. Ademais, na Comisión de Calidade celebrada o 6 de xullo de 2016 analizáronse as enquisas de satisfacción de PAS coas titulacións do centro.

Non obstante, compre sinalar de novo que as enquisas fixéronse cunha escala de 1 a 5 si ben os nosos obxectivos de calidade están fixados nunha escala de 1 a 7. Procede tamén facer unha simple regra de 3 para ver si, en tódalas titulacións/ítems valorabeis se teñen superado as valoracións feitas sobre 7

A nivel xeral, os resultados das enquisas mais determinantes son os que seguen:

a. No que atinxe a participación:

O índice medio de participación do profesorado no curso 14/15* situase no 36.80%

O índice medio de participación do alumnado no curso 15/16 situase no 20%.

b. No que atinxe ao grao de satisfacción:

O grao de satisfacción medio do profesorado no curso 14/15* sitúase nun 4.27 sobre base 5

O grao de satisfacción medio do alumnado no curso 15/16 sitúase nun 2.9 sobre base 5

c. Especificamente, as peores valoracións danse nos seguintes *items*:

Na satisfacción do profesorado no curso 14/15* coa xestión de calidade cunha valoración media de 4.20 sobre 5.

Na satisfacción do estudantado no curso 15/16 coa orientación profesional e laboral e na difusión das actividades extracurriculares cunha valoración media de 2.15 e un 2.16 sobre 5.

Obsérvase unha lixeira melloría na participación do alumnado con respecto o curso 14/15 (19,75%). En canto a evolución da participación do profesorado non se pode valorar ata abril de 2017 xa que se carece destes datos actualmente.

En canto ao grao de satisfacción xeral obsérvase un leve descenso na valoración por parte do alumnado con respecto ao curso 14/15, 3.02 sobre base 5 e agora está nun 2.9 sobre 5. Na evolución da satisfacción xeral do profesorado non se pode valorar ata abril de 2017 xa que se carece destes datos actualmente.

Así todo, segundo os resultados dos ítems que obteñen as peores valoracións procede implementar medidas que fagan visible a utilidade dos procesos de orientación para pechar o ciclo de mellora continua.

*Tódolos datos referentes as enquisas de avaliación por parte do profesorado veñen dados para o curso 2014/2015 posto que non hai datos de estas enquisas para o curso 2015/2016.

II.2.5 Resultados asociados a queixas e suxerencias

Segundo o exposto, dedúcese unha clarísima melloría en canto ao número de queixas presentadas. Con respecto a queixa da situación da estabilidade laboral do profesorado, os departamentos dos centros da Facultade, están plantexando estas inquedanzas á reitoría da Universidade.

En canto a suxerencia da formación en idiomas do PDI, a Facultade mostra o seu compromiso coa formación constante e periódica do profesorado noutras linguas e pódese apreciar en que estase a incrementar a oferta de materias optativas en inglés. No caso da suxerencia ante a mala sinalización horizontal e vertical das plazas de aparcamento de minusválidos, instaremos á reitoría a solventar este problema.

III. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO (NOS) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Acciones de mellora *	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo		
	Estado situación		
Difusión das Titulacións entre os grupos de interese e a sociedade: Aumentar o ámbito de divulgación da titulación	X		
Renovación da acreditación das titulacións oficiais: Mellorar a dotación de persoal administrativo de apoio ás titulacións			X
Renovación da acreditación das titulacións oficiais: Mellorar a dotación e estabilidade de profesorado da Facultade			X
Mellora dos espazos informáticos a disposición do alumnado: Necesidade de incrementar o número de postos de ordenadores para o alumnado		X	
Difusión de traballos de investigación a través da revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo: Necesidade de contar cun medio de publicación para o profesorado da Facultade, especialmente o novo e os invitados	X		
Implementación do PAT: PAT non integrado no segundo curso do Mestrado	X		
Mellorar os coñecementos das actividades docentes e investigadoras do profesorado ante a comunidade universitaria e a sociedade: Necesidade de mecanismos para o coñecemento do profesorado entre o alumnado, así como as súas liñas de investigación e experiencia docente e investigadora		X	
Participación dos egresados: Pérdida de contacto e de seguimento dos egresados	X		
Ampliación da información mostrada na web do centro: Necesidade de ampliar a información mostrada na páxina web relativa aos títulos. Actualización tardía, con posterioridade ao inicio do curso, da información das titulacións do centro	X		
Actualizar o Plan de Promoción do centro: Ausencia de promoción suficiente ante potenciais estudantes e a sociedade en xeral	X		
Reflexión sobre o TFG: Dificultade do alumnado para elaborar o traballo	X		
Simplificación e racionalización do SGIC: Excesiva complexidade e burocracia do SGIC	X		
Publicación de toda a información relativa a Comisión de Calidade na Web	X		
Establecer un formulario de Suxestións e Reclamacións na Web do Centro	X		
Revisar a Política e obxectivos de calidade do centro: Os obxectivos deben ser medibles, alcanzables, estar coordinados con plans de	X		

mellora, involucrar grupos de interese e desenvolverse con plans de actuación			
Revisión da composición da Comisión de Calidade	X		
Solicitude á Reitoría dun PAS con funcións de calidade ou, no seu defecto, un bolseiro/a adscrito ao Decanato con competencias en calidade: Inmensa burocracia e carga de traballo en asuntos de calidade dos centros. O centro tan só dispoñe de un bolseiro co dedicación a tempo parcial	X		
Mellora dos espazos: Problemas en algúns sistemas da facultade	X		
Mellora dos materiais funxibles			X
Reordenación de espazos: Problemas coa situación de algunhas dependencias ou insuficiencia de espazos	X		
Incrementar a interrelación cos axentes económicos e sociais: Necesidade de ampliar o número de convenios , e de sectores	X		
Análise dos resultados académicos / Taxas: Necesidade de mellorar o proceso de análise dos resultados	X		
Mellorar o proceso de análise de resultados das enquisas: Falta dunha maior xustificación do análise dos resultados pola Comisión de Calidades	X		
Fomentar maior participación nas enquisas de satisfacción da titulación: Baixa participación		X	
Analizar os resultados das enquisas: Ausencia de conclusións das enquisas	X		
Integrar ao PAS, segundo proceda, nas funcións administrativas en materia de calidade no ámbito académico: (2D/OM) Na RPT non se considerou, no seu momento, as tarefas técnico-administrativas derivadas da implantación do SGIC dos centros. O apoio técnico centralízase nos técnicos superiores de calidade da Área de Calidade		X	
Realizar unha revisión da RPT dando resposta ás novas necesidades derivadas da implantación do SGIC e dos plans de calidade: (2D/OM) Na RPT non se considerou, no seu momento, as tarefas técnico-administrativas derivadas da implantación do SGIC dos centros. O apoio técnico centralízase nos técnicos superiores de calidade da Área de Calidade		X	
Redefinir (revisar y actualizar) los procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no eido de xestión como no académico) no SGIC do centro: (3 NCM; 4D/OM) Os procedementos PE02, PA05 e PA06 deseñáronse desde unha perspectiva de funcionamento do centro canto a súa definición, despregamento e implantación responde a un marcado carácter institucional. A responsabilidade decisoria e executiva dos procesos de xestión de persoal (PDI e PAS) trascende a competencia dos centros, sen prexuízo das actividades que se desenvolven especificamente no centro. A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan a xestión		X	

destes procesos no centro			
Desenvolver canles de información a través da Área de Calidade que permitan e/ou favorezan unha maior coordinación institucional entre as distintas vicerreitorías: (5D/OM) Inexistencia de mecanismos regrados e sistematizados durante a implantación do sistema que garantan a implicación institucional harmonizada e coordinada das distintos vicerreitorías e doutros órganos de goberno. A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan o desenvolvemento destes mecanismos	x		
Estudio de creación dun órgano institucional (comisión, comité...) en materia de calidade con labores de coordinación e estudo: (5D/OM) Inexistencia de mecanismos regrados e sistematizados durante a implantación do sistema que garantan a implicación institucional harmonizada e coordinada das distintos vicerreitorías e doutros órganos de goberno. A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan o desenvolvemento destes mecanismos	x		
Continuar co desenvolvemento de melloras da aplicación informática incidindo naquelas cuestións que facilitan o manexo polo usuario: (6D/OM) O deseño orixinal da aplicación non contemplaba unha interface cos usuarios/as coas necesidades que agora se detectan en termos de: - facilidade de manexo - simplificación visual e operativa - interconexión de programas	x		

Desarrollada completamente	
Realizada parcialmente	
No comenzada	
No procede	

No anexo I do Plan Anual de Melloras (PAM) 2015/2016 podemos atopar toda a información pertinente ás melloras do centro: o análise da causa, a acción/s de mellora a desenvolver, os recursos comprometidos e así como a data prevista de resolución e o responsable/s de execución e/ou seguimento.

Entre as principais accións tomadas poden ser destacadas

- Ampliación do ámbito de divulgación de titulacións (accións públicas en colexios e nos medios)
- Publicación de novos números da Revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

- Actualización e mellora da web, utilización das redes sociais profesionais para acadar información dos egresados
- Maior promoción do Centro e das súas titulacións (Plan de Promoción 2015-2016)
- Modificación da normativa de TFG e actuacións de información
- Mellora documentos do SGIC
- Plan Operativo de Información Pública 2015-2016
- Creación dun formulario de queixas e suxestións na web do Centro
- Revisión da política e os obxectivos de calidade do centro
- Melloras infraestructurales (aula e materiais informáticos)
- Mellora do resultado do proceso de análise das enquisas de satisfacción

IV. LISTA DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

ACCIÓNS DE MELLORA:

Da análise do plan de mellora, así como dos resultados das enquisas de satisfacción do curso 15/16, a dirección deste Centro, acorda:

a. Por unha parte, establecer CINCO accións concretas de mellora directamente relacionadas co SGIC:

DENOMINACIÓN MELLORA	PROBLEMA DETECTADO	OBXECTIVO	MEDIDAS CONCRETAS EXECUCIÓN	PRAZO MÁXIMO PARA EXECUCIÓN
Modificación da páxina web do centro	A accesibilidade da páxina web actual é mellorable	Crear unha páxina web máis intuitiva e accesible	Actualización dos contidos e a accesibilidade da páxina web do centro	31/07/2017
Mellorar a satisfacción con respecto a xestión de calidade.	Evolución decrecente do nivel de satisfacción mostrado polo alumnado na enquisa do curso 2015/2016 respecto da xestión da calidade, Aínda que o índice de satisfacción do profesorado coa xestión da calidade é alto (14/15), é o apartado que recibe unha menor valoración.	Mellorar o nivel de satisfacción	Mellorar a información en aras de incrementar a implicación do alumnado por medio do fomento e mellora da páxina web	31/07/2017
Información acerca de enquisas de satisfacción PAS.	Falta de información acerca da realización e utilidade das enquisas de satisfacción do PAS (procedemento PA03)	Coñecemento das necesidades do PAS.	Modificación da páxina web do centro para mellorar a ccesibilidade á información	31/07/2017
Impulso da revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Actualmente a revista ten unha difusión baixa	Maior difusión da revista da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Ofrecer unha maior visibilidade da revista na nova páxina web para unha maior difusión dos seus contidos. Conseguir que a revista acade os criterios de calidade editorial Latindex.	31/07/2017

Mellorar a internacionalización da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Baixa mobilidade do alumnado e do profesorado. Baixa recepción de alumnos estranxeiros dentro da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.	Impulsar a internacionalización da facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Fomentar a mobilidade internacional tanto do alumnado como do profesorado. Incrementar os convenios bilaterais con universidades estranxeiras. Aumentar a oferta da posibilidade de cursar materias noutro idioma dentro da Facultade.	31/07/2017
--	---	--	--	------------

- b. Por outra, inclúese no PAM do Centro aquelas melloras previstas para o curso 15/16 nos diversos PAM dos distintos títulos. Con tal acción cumprimos cun dos obxectivos deste documento que é o de servir de compilación de tódalas melloras que afecten ao Centro.

V. CONCLUSIONES Y ACUERDOS

I.1. Lista de asistentes a la reunión de aprobación del informe final:

Comisión de Calidade

Aprobada en Xunta de Facultade (18/10/2016)

Decana: Almudena Bergareche Gros

Secretario/a da Comisión:

-Vicedecano de calidade: Alexandre Pazos Pérez

Coord. Grado en Derecho: Pablo Fernández Carballo-Calero

Coord. Mestrado en Xestión Laboral: Emma Rodríguez Rodríguez

Coord. Mestrado en Dereito de Empresa: Luis M. Muleiro Parada

Representante del PAS: Paula Ramil Vázquez

representante de profesorado: Marta García Mosquera

Excusan a súa falta de asistencia:

Coord. Grado en RRLL: Belén Fernández Docampo

Coord. Mestrado en Menores: Helena Martínez Hens

Coord. Mestrado en Abogacía: María Antonia Arias Martínez

Representantes da sociedade: Presidente do Colexio de Graduados Sociais de Pontevedra (D. Raul E. Gómez Villaverde)

representante de profesorado: Esther Pillado González

1 alumno de grado: Mariana Ramírez Martínez

1 representante del estudiantado egresado: Isaac Borja Araújo Figueroa

1 representante de Mestrado: Lía Docampo Dorado

Tralo análise de toda a información previa relacionada co funcionamento do Sistema de Garantía e a Xestión da calidade, extraemos as seguintes conclusións:

En relación coa mellora e eficacia do sistema tense comprobado unha clara preocupación da Área de Calidade da UVigo pola simplificación burocrática do sistema. En particular, coa promulgación de novos procesos e unha documentación moito mais sinxela de uniforme. Non obstante, concluímos que aínda tense que traballar moito na eliminación de trámites que consideramos innecesarios ou, cando menos, demasiado complexos para o fin requirido.

Neste punto, a nivel interno somos conscientes da necesidade de seguir esforzándonos para acadar o verdadeiro peche do ciclo de mellora continua tal e como nos advertiron na auditoría. Consideramos que, en esencia, o peche de tal ciclo supón abordar necesariamente o resto das oportunidades para a mellora sinaladas polo equipo auditor.

Ademais consideramos fundamental transmitir e concienciar sobre unha cultura de calidade que sexa perceptible por todos os grupos de interese e pola propia sociedade.

En relación co estado de situación dos rexistros de calidade do sistema, se observa que hai moitas accións na fase “non comenzada para ningunha titulación” polo tanto considérase oportuno elaborar un acordo para correxir esta situación.

En relación coa identificación de dificultades relevantes na xestión da calidade, consideramos que, pese a simplificación antes aludida, a xestión das titulacións e, correlativamente, a do propio sistema, precisa de persoal con certa formación. Botamos en falta accións formativas concretas sobre cuestións específicas de xestión da calidade na universidade.

Tamén deberíamos salientar a maior dificultade de certas titulacións impartidas no noso Centro (Grao en Dereito e Máster en Avogacía) que son comúns coa Facultade de Dereito de Ourense. Consideramos (e concluímos) que debemos mellorar a coordinación destas titulacións.

Finalmente, **en relación coa necesidade de recursos** concluímos que a dotación con bolseiros de calidade durante o curso académico, e un administrativo de apoio durante 2 meses, non é suficiente para atender ás necesidades que un Centro como o noso (6 titulacións) ten en materia de calidade.

VI. ANEXOS

- Anexo 1: Plan Anual de Melloras do Centro
- Anexo 2: Nota media de acceso por modalidade de procedencia